



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE



GALARIA
EMPRESA PÚBLICA DE
SERVIZOS SANITARIOS

CONTRATO PROGRAMA

Servizo Galego de Saúde
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.



CONTRATO-PROGRAMA ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.

Santiago de Compostela, a 30 de decembro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, **Dna. Estrella López-Pardo Pardo**, Xerente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co nomeamento recollido no Decreto 138/2022, do 4 de agosto, actuando en nome e representación deste, en uso das atribucións delegadas de conformidade co establecido no artigo 4, punto j) da Orde do 22 de abril de 2020, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Doutra parte, **Dna. Rocío Mosquera Álvarez**, con DNI 34911297 B Directora Xerente, actuando en nome e representación de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. resultando as súas facultades xenéricas da escritura de poder outorgada o seu favor o 22 de febreiro de 2018, ante o notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Remuñán López, co número 366 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal suficiente para formalizar este documento e para o efecto

1.- EXPOÑEN:

É misión do Servizo Galego de Saúde contribuír a mellorar a saúde da cidadanía a través da prestación de servizos sanitarios asistenciais efectivos, eficientes e de calidade de forma equitativa e sostible e garantir os dereitos e deberes dos pacientes cunha atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores; con profesionais comprometidos e coidados pola organización, e cunha xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario cunhas infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información adaptados ás necesidades de pacientes e profesionais.

De conformidade co previsto no artigo 93 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, integran o Servizo Galego de Saúde os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Administración da Xunta de Galicia ou procedentes de transferencias, así como as entidades sanitarias de natureza pública que se lle adscriban





O artigo 94 da mesma lei establece entre as funcións do organismo autónomo citado o goberno, a dirección e a xestión daqueles centros, servizos e establecementos, propios ou adscritos; a planificación, coordinación e xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros asignados; o desenvolvemento de programas de mellora de xestión, así como a aprobación de plans, directrices e criterios de actuación a que se deben someter os centros, servizos e establecementos incluídos no Servizo Galego de Saúde.

O Instituto Galego de Medicina Técnica (Medtec), actualmente Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., quedou constituída como sociedade pública autónoma adscrita ao Servizo Galego de Saúde, por medio do Decreto 229/1994, do 14 de xullo, da Presidencia da Xunta de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 1 dos seus estatutos “Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.” (GALARIA), constitúese pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como unha sociedade mercantil pública autónoma con forma de sociedade anónima, que se rexerá polos seus estatutos e, no non previsto neles, polos preceptos que resulten de aplicación do Real decreto legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), coa normativa que regula a contratación do sector público, e coas demais disposicións que lle sexan aplicables.

A sociedade Galaria ten a consideración de medio propio personificado respecto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do Sector público autonómico para a execución de actividades que lle sexan encargadas por esta ou polos seus organismos e entidades de natureza pública dentro das materias que constitúen o seu obxecto social, cumprindo os requisitos esixidos na normativa de contratos do Sector Público.

Galaria ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. En particular:

- A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou nas que esta participe, incluíndo a prestación de servizos de carácter non clínico ou asistenciais no eido sanitario que se desenvolvan nas mesmas.
- A prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria.
- A prestación de servizos de xestión ordinaria e administración de outras sociedades ou fundacións que teñan definido nos seus estatutos o carácter de “públicas” e que están vinculadas por razón do seu obxecto social a actividades sanitarias e da saúde.
- A realización da actividade asistencial que lle sexa encargada polo Servizo Galego de Saúde.





- A participación en iniciativas, proxectos ou actividades de I+D+I en Biomedicina ou en Ciencias e Tecnoloxías da Saúde e outras relacionadas co sector sanitario que permitan a xeración de coñecemento científico ou tecnolóxico no ámbito da saúde, así como su aplicación e transferencia.

As actividades contempladas no obxecto social poderanse realizar, total ou parcialmente, ben mediante a creación de sociedades filiais, ben participando noutras sociedades de obxecto idéntico ou análogo, ou ben mediante calquera outra fórmula admitida en dereito, respectando en todo caso o marco normativo definido no artigo 1.1 dos estatutos.

Segundo o establecido no artigo 74.3 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, “O contrato de servizos sanitarios revestirá a forma de protocolos internos de actividade-financiamento, contratos, contratos-programa, concertos, convenios, acordos ou outros instrumentos de colaboración”.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia estableceu dentro de entidades públicas instrumentais, a modalidade de Sociedades mercantís públicas autonómicas, as que se lles encomenda a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión transparente por obxectivos, cuxa determinación se realiza a través dun contrato programa.

Con data 1 de agosto de 2004 asínase o primeiro contrato programa entre o Servizo Galego de Saúde e a Sociedade Pública Autonómica Instituto Galego de Medicina Técnica S.A. (Medtec) asinándose posteriormente diferentes addendas onde se modificaban os ámbitos de actividade e marco de actuacións sendo a última adenda formalizada asinada o 23 de xullo de 2020.

A necesidade de actualizar as condicións de prestacións de servizos por Galaria, con criterios de mellora continua, seguridade clínica, competencia profesional, e innovación tecnolóxica, fainos establecer un novo contrato-programa.

Este contrato programa elabórase segundo o establecido na Instrución de 08/03/2012 pola que se regula o procedemento para a elaboración dos contratos de xestión ou contratos programas e a guía básica de elaboración de contratos de xestión e contratos programa da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa da Consellería de Facenda e administración Pública.

Que este contrato programa establece os compromisos que ten que cumprir Galaria como centro de referencia no ámbito da súa actividade asistencial, consultoría, protección radiolóxica, unidade de produción de fármacos e servizo de atención telefónica de cita previa, e prevé compensacións que se prevén pola prestación dos devanditos servizos.

O contido deste contrato programa foi aprobado, en termos de proposta, polo Consello de administración por Acordo de data 28 de decembro de 2022

Con base nestes antecedentes elévase á consideración do Consello da Xunta de Galicia o presente contrato de xestión coas seguintes cláusulas.





2.- OBXECTO DO CONTRATO PROGRAMA

O obxecto do presente contrato - programa é establecer o marco de relación entre Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. (en adiante Galaria) e o Servizo Galego de Saúde e polo tanto os compromisos de cada parte en materia de:

- ✓ Servizos de alta tecnoloxía sanitaria, incluíndo entre outros, os relativos a diagnóstico por Imaxe (resonancia magnética en unidades móbiles), medicina nuclear (Vigo e Ourense) e oncoloxía radioterápica (Vigo)
- ✓ Servizos de consultoría, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria.
- ✓ Servizos de protección radiolóxica.
- ✓ Xestión do centro de produción de fármacos.
- ✓ Xestión do servizo de atención ao teléfono único del Servizo Galego de Saúde.
- ✓ A prestación de servizos de xestión ordinaria e administración.
- ✓ Outras actividades conexas e consecuentes co obxecto social da empresa Galaria, que se acorden entre as partes.

A determinación, descrición de características, condición e tarifas dos servizos e actividades a realizar por Galaria establécense nos cinco Módulos recollidos neste contrato-programa que a continuación se sinalan:

- Modulo I: Actividade sanitaria a realizar por Galaria
- Módulo II: Prestación dos servizos de consultoría
- Módulo III: Prestación dos servizos de protección radiolóxica
- Módulo IV: Xestión do centro de produción de fármacos
- Módulo V: Xestión do servizo de atención telefónica de cita previa.

3.- VIXENCIA DO CONTRATO PROGRAMA

A vixencia deste contrato – programa é por 2 anos dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2024.

Transcorrido o prazo de vixencia, o contrato poderase prorrogar, por un prazo máximo de catro anos, por acordo expreso entre as partes e trala existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente no documento de prórroga.

No acordo de prórroga fixarase o importe máximo de cada anualidade.





4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN, OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS, OBXECTIVOS OPERATIVOS E PROXECTOS

As liñas de actuación estratéxica de Galaria están determinadas por agrupacións e combinacións de obxectivos estratéxicos definidos a partires da delimitación da misión e visión da Sociedade. Consisten basicamente en grandes conceptos estratéxicos nos que preténdese centrar os esforzos da organización e, polo tanto, guiar en gran medida tódalas accións a realizar dentro da planificación e actuación de Galaria así como o mellor aproveitamento dos seus recursos.

A) Misión e visión Galaria

Dentro do proceso de Planificación Estratéxica de Galaria recóllense, entre outras, as actividades encamiñadas a definir a estratexia da empresa a medio/longo prazo, mediante o desenvolvemento de planificacións anuais e garantir que en cada momento exista unha adecuada dotación de recursos, así como as infraestruturas requiridas. Dentro deste marco defínense a misión e visión da sociedade.

Misión:

1. Colaborar co SERGAS na atención dos pacientes de Galicia nas especialidades de:

- Oncoloxía Radioterápica
- Radiofísica hospitalaria
- Medicina Nuclear
- Resonancia Magnética (unidades móbiles)

2. Impulsar e promover, en colaboración con ACIS e o resto de axentes do sistema, a aplicación da innovación sanitaria en procesos, servizos e tecnoloxías en novos campos de actividade.

3. Xestionar os centros e/ou servizos que nos sexan asignados pola autoridade competente.

4. Prestar servizos de asesoramento e control de calidade en Protección Radiolóxica.

5. Prestar proactivamente servizos de Consultoría na dotación de equipamento sanitario e xestionar outras solicitudes.

6. Desenvolver, fabricar e distribuír fármacos a distintos centros sanitarios

7. Xestión e coordinación do proxecto de teléfono único do Sergas

8. Posta en marcha e desenvolvemento de aqueles proxectos relacionados co ámbito sanitario encomendados pola Consellería de Sanidade ou o Servizo galego de Saúde.





Visión:

Convertermos en unha organización sanitaria de referencia para o ecosistema sanitario, na prestación dos servizos reflexados na nosa misión, tanto polo noso modelo e capacidade como pola orientación á innovación de produtos, procesos, e servizos, apoiando ao SERGAS e ás Áreas sanitarias na mellora da súa calidade asistencial e nos seus resultados.

B) Obxectivos estratéxicos e operativos

Galaria define os seus obxectivos estratéxicos e os seus obxectivos operativos segundo os obxectivos considerados no Plan estratéxico de Galicia e nos plans xerais da Consellería de Sanidade

Neste sentido o eixo sobre o que sustentan os obxectivos operativos que definen a estratexia de Galaria é o *“Reto demográfico”* e dentro deste eixo estratéxico na prioridade de actuación destinada a obtención dun *“Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade”* (PA.1.4) o cal inclúe os obxectivo estratéxicos OE.1.4.01 *“Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación”*, e OE.1.4.05 *“Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía”*.

A Política de Calidade de Galaria articúlase o redor dunha serie de conceptos fundamentais, que teñen como premisa a permanente optimización da súa organización e un funcionamento enfocado na atención e satisfacción do cliente.

Con estas premisas formuláronse os seguintes obxectivos estratéxicos:

- A satisfacción dos clientes
- A mellora continua
- A viabilidade económica

O cumprimento destes obxectivos abarcan a totalidade de actividades que realiza Galaria no cumprimento do seu obxecto social.

Nesa liña, é necesario desenvolver e implantar melloras constantes na xestión dos recursos humanos, na execución dos procesos directos e indirectos existentes na empresa, na orientación aos clientes, unido a unha alta implicación de tódolos empregados e, en particular, co compromiso da Dirección.

O cumprimento destes obxectivos ten por finalidade realizar unha xestión eficiente da demanda e unha adecuada xestión dos recursos sempre baixo o enfoque de conseguir que, sempre que os cidadáns requiran asistencia sanitaria, se faga de forma eficiente a través dunha adecuada asignación de recursos e sempre baixo os parámetros de accesibilidade, equidade, universalidade, continuidade e máxima calidade. A finalidade é acadar un nivel óptimo nos tempos de asistencia, a opción asistencial máis adecuada e o mellor aproveitamento de recursos dispoñibles garantindo a sostenibilidade financeira e realizando o maior nivel de actividade posible que permita o equipamento e persoal dispoñible.

Esta perspectiva é tamén a base que determina o desenvolvemento dos proxectos de carácter transversal encargados polo Servizo galego de Saúde a Galaria (consultoría, servizo de protección radiolóxica, informado en rede de resonancias, servizo telefónico de cita previa e



reprogramación / anulación de citación especializada, produción de radiofármacos Pet), e de tódolos aqueles proxectos que, fora do ámbito deste contrato programa, podan ser encargados pola administración pública sanitaria galega.

En base a este enfoque se determinan os seguintes obxectivos operativos e indicadores de calidade asistencial así como o criterio para a súa cuantificación.

Obxectivos operativos:

Os obxectivos operativos divídense en tres grandes ámbitos de actuación atendendo a natureza da prestación e da actividade a realizar. Asistenciais: si están directamente relacionados coa atención de pacientes; servizos transversais: aqueles que abarcan e préstanse a varias Áreas sanitarias ou directamente para o Servicio galego de saúde no seu conxunto; e xerais, os que están vinculados a entidade no seu conxunto non relacionados de forma directa con actividade asistencial.

- Asistenciais

A eficiencia do Sistema Público Galego de Saúde depende directamente do aproveitamento das capacidades e prestacións de profesionais e equipamento sanitario empregados na actividade asistencial. O continuo perfeccionamento e a adquisición de novas habilidades son imprescindibles para manter e optimizar o nivel dos servizos sanitarios, poder ofrecer novos procedementos, conseguir aproveitar as prestacións da tecnoloxía dispoñible e minimizar os custes da actividade realizada.

- Actividade

Co fin de realizala maior actividade posible co orzamento dispoñible establecéronse as seguintes cantidades de actividade por unidade asistencial:

Obxectivo estratéxico	Unidade asistencial	Obxectivo operativo	Indicador	2022	2023	2024
A viabilidade económica	Oncoloxía radioterápica	Alcanzar o máximo de actividade cos recursos dispoñibles	Nº de procesos	2.500	2.510	2.510
	Medicina nuclear e Pet ¹		Nº de probas e tratamentos	14.500	12.600	12.600
	Resonancias magnéticas móbiles		Nº de probas	19.110	25.000	25.000
	Ciclotrón		Nº de doses	7.500	11.900	11.900

¹ Descenso consecuencia da posta en marcha dunha nova unidade de MN na Área sanitaria de Pontevedra e o Salnés



○ Eficiencia

Os sistemas sanitarios buscan medidas que garantan a eficiencia, ao tempo que atópanse comprometidos coa mellora da atención sanitaria que reciben os pacientes, tanto desde o punto de vista da efectividade clínica como da percepción que posúen os pacientes de como é o seu sistema sanitario

Á hora de determinalos obxectivos de eficiencia tívose en conta que poidan determinarse e contrastarse facilmente a partires dos actuais sistemas de información dispoñibles. Este obxectivos buscan contribuír á sustentabilidade do sistema de saúde sen por elo diminuír a calidade da atención prestada. Neste sentido, os obxectivos por unidade asistencial son os seguintes:

Obxectivo estratéxico	Unidade asistencial	Obxectivo operativo	Indicador	2022	2023	2024
A mellora continua	Oncoloxía radioterápica	Alcanzar o rendemento medio en tódolos aceleradores (excluíndo avarias)	Tempo de actividade realizada/tempo dispoñibilidade	>72%	>75%	>80%
	Medicina nuclear e Pet	Alcanzar un aproveitamento medio de máquina (excluíndo avarias)	Tempo de actividade realizada/tempo dispoñibilidade	>70%	>72%	>75%
	Resonancias móbiles	Alcanzar un aproveitamento medio de máquina (excluíndo avarias)	Tempo de actividade realizada/tempo dispoñibilidade	>82%	>85%	>90%

• Servizos transversais

A prestación de servizos de carácter transversal corresponde coa xestión de proxectos que se prestan ao Servizo Galego de Saúde beneficiando ao conxunto do sistema sanitario dentro do ámbito específico do traballo encargado. Este servizos non están vencellados a unha asistencia sanitaria directa a os pacientes se non que facilitan a xestión da estrutura organizativa dentro do ámbito sanitario. A adecuada xestión destes proxectos deriva novamente nun mellor aproveitamento dos recursos públicos tratando de optimizar a actividade realizada e os seus custes.

Para os diferentes proxectos prestados por Galaria, os obxectivos operativos encamiñados a garantir os maiores niveis de eficiencia son os seguintes:



Obxectivo estratéxico	Unidade	Obxectivo operativo	Indicador	2022	2023	2024
A mellora continua	Ciclotrón	Producir a maior cantidade de doses de FDG)	% de doses de FDG de produción propia sobre doses totais subministradas (non se consideran as entregas en días de parada de mantemento)	≥85%	≥90%	≥95%
	Ciclotrón	Producir a maior cantidade de doses de Colina	% de doses de Colina de produción propia sobre doses totais subministradas (non se consideran as entregas en días de parada de mantemento)	≥75%	≥78%	≥80%
	Terapias Car-T	Obter os niveis de calidade necesarios para a produción	Obter e manter Certificación GMP para a fabricación de medicamentos de terapia avanzada	-	1	1
	Consultoría	Reducir a desviación dos tempos de realización de proxectos	% de proxectos con desviación inferior ao 25% do tempo de realización entre o tempo planificado	70%	75%	80%
	Unidade Técnica de Protección Radiolóxica	Mellorar a data de entrega dos informes	Informes entregados antes de 30 días desde a data do control	90%	92%	95%

- Xerais

O obxecto social de Galaria abarca un amplo abanico de actuacións e posibilidades de desenvolvemento de proxectos esenciais no ámbito sanitario galego. Como entidade instrumental para a execución de actividades que lle sexan encargadas a realización das mesmas contempla melloralos marcos de comunicación, formación e visibilidade das actuacións levadas a cabo no cumprimento dos seus obxectivos asistenciais e transversais.

Neste ámbito, o nivel de complexidade das diferentes actividades e proxectos en marcha en Galaria, con gran impacto na saúde, fai necesario impulsar procesos de comunicación e formación dos profesionais nos diferentes campos de especialización, así como facer accesible a sociedade dos procesos e avances e desenvolvidos en Galaria a través de sistemas de información (visibilidade) e a xestión do coñecemento.

Os obxectivos establecidos neste ámbito son os seguintes:





Obxectivo estratéxico	Unidade	Obxectivo operativo	Indicador	2022	2023	2024
A mellora continua	Comunicación	Impulsala visibilización de Galaria como ente instrumental ao servizo do sector público sanitario de Galicia en redes sociais	Publicación de proxectos asistenciais, transversais ou de innovación en canal social Desenvolver ao menos un contido por unidade asistencial orientado a pacientes para difundir a través de canal social	2 proxectos	3 proxectos	4 proxectos
	Comunicación	Impulsala visibilización de Galaria como ente instrumental ao servizo do sector público sanitario de Galicia a través de canal web	Páxina web con estrutura moderna e contidos multimedia que permita acceder a información actualizada sobre os servizos de Galaria	-	Posta en produción de unha nova web	Actualización de contidos no 50% das unidades da sociedade
	Radiofísica	Formación continuada de técnicos en radioterapia, incluíndo a formación en adquisición de imaxes e en contorno automático	% de profesionais formados	80%	85%	90%
	Radiofísica	Realizar formación continuada de técnicos en Medicina Nuclear	% de profesionais formados	80%	85%	90%

Obxectivos de calidade:

As capacidades dos equipamentos tecnolóxicos e dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde determinan, en gran medida, a calidade dos servizos sanitarios dispensados aos usuarios. Promover unha actividade sustentada na calidade dos servizos prestados é o fondo dos seguintes indicadores de calidade:





Obxectivo estratéxico	Unidade asistencial	Obxectivo operativo	Indicador	2022	2023	2024
A mellora continua	Oncoloxía radioterápica	Aumentar as técnicas realizadas con VMAT	% del total de técnicas realizadas sexan con VMAT	>45%	>46%	>50%
	Ciclotrón	Evitar rotura de stocks	Rotura de stock atribuíble a mala xestión de persoal de laboratorio que impida o subministro de doses	0	0	0
	Ciclotrón	Manter o % de incidencias e tempos de entrega	% de entregas con incidencias por incumprimento do tempo de entrega sobre o total de entregas	<7%	<7%	<7%
	Call Center	Manter nivel máximo do % de chamadas perdidas	% de chamadas perdidas entre total de chamadas atendidas	≤7%	≤7%	≤7%
	Colectivo	Mantemento de certificación ISO	Mantemento de certificación ISO	1	1	1
A satisfacción dos clientes	Oncoloxía radioterápica	Reducir lista de espera de primeira consulta	Días de lista de espera en primeira consulta	15 días	12 días	10 días
	Radiofísica	Reducir os tempos de espera en dosimetría	Días de espera en dosimetría	≤12 días	≤10 días	≤9 días
	Radiofísica	% de pacientes sexan revisados en sesións ordinarias	% dos pacientes revisados nas sesións ordinarias sobre total de revisións	≥85%	≥90%	≥92%
	Medicina nuclear	Reducir a demora media dende a data idónea	Demora media de realización de probas dende a data idónea	≤35 días	≤30 días	≤25 días
	Medicina nuclear	Redución de % de anulacións	% de anulacións sobre actividade total (descontando paradas por mantemento)	≤7 %	≤5%	≤4%
	Diagnóstico por imaxe	Reducir o tempo medio de realización de informes	Período medio de realización de informes (días de realización de informes entre número de informes)	≤15 días	≤12 días	≤10 días
	Diagnóstico por imaxe	Reducir a demora media nos centros onde se xestione actividade	Demora media de realización de probas	≤30 días	≤28 días	≤25 días



	Satisfacción pacientes	Reducir días de resolución de reclamacións de pacientes	Número de días de resolución de reclamacións de pacientes	≤20 días	≤15 días	≤12 días
--	---------------------------	--	--	-------------	-------------	-------------

5.- MARCO ECONÓMICO FINANCEIRO

- Transferencias de explotación

Galaria financíase a través das transferencias e subvencións que poida recibir da Administración Pública e dos ingresos motivados pola prestación de servizos sanitarios a terceiros alleos a Administración Pública (entidades de seguros, empresas sanitarias e outros), neste caso, a prestación sanitaria non será a cargo do Servizo Galego de Saúde senón que será obxecto de facturación aos terceiros obrigados ao pagamento.

O financiamento a través da Comunidade Autónoma provén dos ingresos recibidos a través de transferencias de correntes con cargo aos créditos dos centros do Servizo Galego de Saúde no subconcepto 441.15 do programa de Atención Especializada (412.A). Establécese a través do réxime de transferencias.

O importe máximo das achegas a transferir a Galaria para o financiamento da actividade obxecto do presente contrato programa para o ano 2023 e 2024 ascende a **17.170.739** euros anuais.

Con este orzamento o Servizo Galego de Saúde contribúe ao financiamento do servizo público sanitario xestionado por Galaria nas condicións previstas no presente contrato – programa. Este acordo queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas que del se deriven.

Neste contrato – programa non se inclúen toda aquela actividade considerada extraordinaria que será obxecto dunha transferencia de crédito con cargo aos créditos dispoñibles do Servizo Galego de Saúde; concretamente todo aquilo que expresamente non estea incluído neste contrato – programa.

As transferencias e subvencións que recibe Galaria da Administración Pública, xunto cos ingresos por prestación de servizos a terceiros alleos a Administración Pública (ingresos ordinarios estimados da actividade 1.899.053 euros e Transferencias correntes 17.207.881 euros), permiten o financiamento dos gastos de explotación derivados da actividade realizada por Galaria, e que se desglosan segundo o seguinte detalle:





Concepto de gasto	2023	2024
Gasto de persoal	10.216.618	10.216.618
Gastos en bens correntes e servizos	8.030.437	8.030.437
Gastos financeiros	25.002	25.002

Respecto ao marco orzamentario, as dotacións previstas no contrato programa quedan supeditadas ao que se estableza nas leis de Orzamentos xerais da comunidade autónoma para cada unha das anualidades, polo que estas dotacións considéranse indicativas.

O libramento da transferencia de financiamento realizarase conforme ao seguinte criterio:

- 95% do importe económico previsto no apartado anterior distribuirase en doce partes co obxecto da asignación dun importe mensual. este importe librase dentro dos 5 primeiros días dos mes.
- 5 % restante librarase trimestralmente en función do cumprimento do 95% dos indicadores de actividade e calidade na cantidade correspondente segundo o establecido no apartado 4.

- Transferencias de capital

Galaria conta no seu orzamento para o ano 2023 con 838.542 euros en concepto de transferencia de capital destinada ao financiamento das inversións estimadas para o Centro de terapias Avanzadas de Galicia (Módulo IV, I.B) con cargo ao Servizo Galego de Saúde no subconcepto 741.15 do programa de Atención Especializada (412.A).

Fórmulas de compensación

- Compensacións co Servizo Galego de Saúde

Da cordo co establecido no punto 2 do artigo 24 do Decreto 276/2001, do 27 de setembro, se concorren circunstancias que motivan que Galaria non poida proporcionar algunha das prestacións recollidas no contrato programa, deberá de poñelo en coñecemento do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo de que se realicen as xestións necesarias para a súa prestación. En tal caso, o Servizo Galego de Saúde poderá facilitar os medios necesarios para a provisión de servizos programados nos seguintes supostos:

- No caso de que Galaria se atope, por circunstancias alleas á mesma, sen persoal sanitario que poida prestar un determinado servizo.





- No suposto de que Galaria, por circunstancias excepcionais, non poida proporcionar algunha das prestacións programadas.
- No suposto de que no desenvolvemento das áreas de servizo compartido non fora posible manter as prestacións programadas.

Nestes supostos o Servizo Galego de Saúde poderá axustar as prestacións económicas ou establecer compensacións segundo o nivel de medios que tivera que aportar para estas situacións excepcionais.

No suposto de que se establezan novas formas de colaboración complementaria entre Galaria e o Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento de programas concretos de prestación sanitaria ou outras actividades de apoio á prestación de servizos sanitarios que requiran o uso simultáneo de recursos físicos e humanos de ambas institucións establecerase un procedemento de compensación entre as partes que se regulará no instante da cesión e segundo os custos dos servizos a realizar.

Este importes, de concretarse, descontarse das doceavas partes do importe íntegro a transferir a Galaria

- Compensacións Áreas sanitarias

A actividade desempeñada por Galaria realízase en instalacións hospitalarias do servizo galego de Saúde que son financiadas polos orzamentos das diferentes Áreas sanitarias. Así mesmo existen actividades e prestación de servizos que requiren o uso simultáneo de recursos humanos e físicos entre Galaria e as Áreas sanitarias, polo que establécense mecanismos de compensación dos custos dos servizos realizados no módulo correspondente e levarase a cabo segundo as instrucións da Dirección Xeral de RREE relativas ao procedemento de compensación de gastos entre os entes instrumentais e o Servizo Galego de Saúde e con outras Consellerías da Xunta de Galicia do 24 de abril do 2014. Estas compensacións, de producirse, formalizaranse e avaliaranse mediante a Subcomisión de Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde e Galaria.

As compensacións aprobadas na Subcomisión mencionada, certificaranse mensualmente polas Áreas sanitarias ou Galaria indicando o concepto e importe; certificacións que deberán ser conformadas polos respectivos departamentos administrativos.

O importe das compensacións correspondente ao mes de decembro aplicarase no primeiro pagamento do ano seguinte.

6.- COBERTURA HIPOTÉTICOS DÉFICITS

A existencia de hipotéticos déficits que requiran de financiamento adicional deberá notificarse a Subcomisión de Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde e Galaria e elevarse ao Consello de Administración xunto cun informe explicativo das causas e importes das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que dito déficit poida ser puntual ou repetirse nos



exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados, así como, no seu caso, as necesarias modificacións que como consecuencia de devanditos déficits deban introducirse no Contrato Programa e o alcance das mesmas.

7.- BENEFICIARIOS

Galaria prestará os servizos sanitarios que se definen nos Módulos recollidos no presente contrato programa aos beneficiarios do Servizo Galego de Saúde das Áreas sanitarias de Vigo, Pontevedra e Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras (Medicina nuclear); Área sanitaria de Vigo e Pontevedra Salnés (Oncoloxía radioterápica); Hospitais do Servizo Galego de Saúde (resonancias móbiles); subministro de radiofármacos Pet a centros hospitalarios con unidades Pet (Ciclotrón), salvo as técnicas ou procedementos definidos na instrución pola que se establecen os criterios de derivación de pacientes entre Áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde que non seguirán o criterio xeral. Neste sentido, todos aqueles pacientes atendidos para os que Galaria non é referencia asistencial terá a consideración de actividade extraordinaria e será obxecto dunha transferencia de crédito aparte con cargo os créditos dispoñibles do Sergas.

Así mesmo, Galaria prestará os seus servizos de natureza transversal (consultoría, Unidade Técnica de Protección radiolóxica², servizo telefónico de cita previa) sendo o beneficiario o Servizo Galego de Saúde.

8.- COMPROMISOS DAS PARTES

Servizo galego de saúde

A provisión dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Sociedade, segundo o establecido no Contrato programa, e recollidos nas Leis de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.

Prestar o apoio e as infraestruturas necesarias para a xestión ordinaria da Sociedade, garantido o seu acceso tanto en instalacións, equipamento, e aplicativos informáticos necesarios para o cumprimento da actividade recollida no presente contrato programa.

O Servizo Galego de Saúde comprométese a dar cobertura da actividade realizada por Galaria dentro do contrato de seguro de responsabilidade civil subscrito pola Xunta de Galicia.

Informar e coordinar a xestión das queixas, reclamacións, e suxestións relacionadas coa prestación dos servizos de Galaria

Informar en tempo e forma todas aquelas comunicacións, instrucións, proxectos e traballos que afecten ao desenvolvemento da actividade realizada por Galaria e os seus profesionais, e no seu

² Excepto nas Áreas sanitarias que contan con servizo propio de UTPR





caso, solicitala participación dos profesionais de Galaria que poidan estar implicados nos mencionados traballos ou proxectos na parte que afecte a Sociedade.

O Sergas comprométese a garantir a colaboración dos profesionais cando sexa necesario a prestación de servizos especializados para desenvolver eficazmente as obrigas derivadas do cumprimento do presente contrato programa manifestado nas carteiras de servizos dos plans asistenciais das diferentes entidades (Áreas sanitarias e Galaria), garantindo a continuidade e a integridade dos procesos asistenciais. O marco conceptual para levar a cabo estas prestacións sanitarias ten como base os principios de eficacia, racionalización e economía, e a súa implantación esixe a integración e coordinación dos recursos sanitarios públicos dispoñibles.

Galaria

Galaria obrígase ao cumprimento baixo a súa exclusiva responsabilidade das disposicións legais vixentes en materia de relacións laborais, de seguridade e saúde no traballo, de índole social e calquera outra de carácter xeral.

Galaria contará co persoal axeitado para a prestación dos servizos. No caso de xerarse baixas de persoal e sempre e cando fora necesario, procederá inmediatamente á substitución do persoal de forma que a execución deste Contrato - programa quede sempre asegurada.

Corresponderá a Galaria indemnizar os danos que se causen tanto á Administración como a terceiros por causas das que sexa responsable e que lle resulten directamente imputables a Galaria como consecuencia da xestión do servizo público, salvo cando tales danos foran consecuencia dunha orde da administración o dunha decisión adoptada por persoal non dependente de Galaria.

Galaria se compromete a levar a cabo os servizos ofertados, cuxa xestión dependa das directrices de Galaria, nas respectivas carteiras de servizos, mantendo os criterios públicos de actuación en relación cos pacientes atendidos, garantindo en ditos servizos a equidade na atención, a continuidade do servizo e a gratuidade do mesmo para todos os pacientes que lle derive o Servizo Galego de Saúde sen máis diferenzas que as inherentes á natureza propia dos distintos procesos patolóxicos.

Acadar o cumprimento dos obxectivos de conformidade co establecido no contrato programa cos recursos asignados.

9.- MECANISMOS DE RESPONSABILIDADE DO PERSOAL DIRECTIVO

Galaria adecuará a súa actuación ao presente contrato programa de conformidade cos obxectivos e accións detalladas, durante o período que corresponde á vixencia do contrato.

Para avaliar o súa efectividade, establécense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución se cuantifica a través dun número finito de indicadores, de tal forma que se





entenderá que Galaria desenvolveu con éxito o contrato programa se, polo menos, cumpre o 75% dos seus obxectivos estratéxicos.

Acádase un obxectivo estratéxico cando se obtén un resultado favorable, como mínimo, no 60% dos obxectivos operativos que forman parte do obxectivo estratéxico.

Os indicadores recollidos na Cláusula 4 son a ferramenta a utilizar para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, e será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, no 50% do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.

O persoal directivo De Galaria, o que se refiren os artigos 30 e 32 dos seus estatutos estará suxeito a esixencias de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos.

Existirá responsabilidade do persoal directivo responsable cando a porcentaxe de obxectivos incumpridos exceda do 50% do total de obxectivos correspondentes á súa área de actividade. Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen, non se leven a cabo, o estean afectados por circunstancias alleas a capacidade de xestión do persoal directivo por causas independentes da vontade e actividade de Galaria.

En caso de incumprimento, o Consello de administración, a iniciativa propia, u por proposta da dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor de responsabilidade antedito poderá apereibir formalmente aos directores correspondentes.

En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apereibimento dalgún membro do equipo directivo, o Consello de administración poderá aprobar o seu cese, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o 80% dos indicadores relativos os obxectivos operativos asociados a cada área de Galaria, de conformidade co previsto no presente contrato programa, a Dirección e as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Consello de Administración estime axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

10.- MODIFICACIÓNS OU ADAPTACIÓNS

O contrato-programa poderá modificarse no seguintes casos:

1. Que expresamente se estableza un novo importe das transferencias no acordo de prórroga anual.
2. Que se aproben novos módulos ou se modifique ou substitúa algún dos módulos vixentes.





3. Autorización expresa por parte da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde (Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e innovación) para a realización de novos procedementos asistenciais.
4. Incremento de servizos sanitarios ao longo da anualidade motivada por novas probas ou procedementos.
5. Realización de novos proxectos vinculados co obxecto social de Galaria segundo se solicite desde o Servizo Galego de Saúde (previa modificación do importe anual adaptado as necesidades de financiamento).

O procedemento de modificación do contrato -programa iniciárase a instancias da Comisión de Seguimento de Servizos Centrais, promovendo a súa modificación a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria (Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e innovación) ou a Dirección Xeral responsable do proxecto encargado, que tralo informe da Asesoría Xurídica esta modificación, previa aprobación por pare do Consello de Administración de Galaria, pasará a formar parte como addenda ao dito contrato programa.

Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do Contrato programa nos seguintes casos:

- Os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen A Galaria do financiamento previsto neste contrato programa
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos e/ou específicos.
- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 40% do valor fixado (sexa un valor numérico ou temporal)

Nestes supostos procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato programa.

11.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Créase unha Comisión de seguimento e control da execución deste contrato programa nos termos previstos na Instrución de 08/03/2012 pola que se regula o procedemento para a elaboración dos contratos de xestión ou contratos programas. Esta Comisión estará composta por:

- Un representante do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade
- Un representante da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, da Conselleira de Facenda e Administración Pública.





- Un representante da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Un representante de Galaria, que exercerá as funcións de Secretaría da Comisión

A comisión efectuará anualmente, no mes de decembro, un informe de avaliación global do cumprimento do contrato programa, coa proposta de adaptación dos compromisos para o ano seguinte, se fose necesario. Para o cal Galaria presentará unha memoria final na que se recollerán os indicadores de realización e de calidade, así como a consecución dos obxectivos fixados para cada un deles, e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.

Así mesmo, antes de final do período de vixencia do contrato programa a comisión elaborará un informe global sobre o seu grado de cumprimento e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión ou renovación

Adicionalmente, o Servizo Galego de Saúde velará polo cumprimento das obrigas que resulten deste contrato – programa, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan facer efectiva a xestión da asistencia. Galaria poderá ser permanentemente avaliada polo Servizo Galego de Saúde a través dos mecanismos que considere necesarios, proporcionando Galaria as máximas facilidades para o desenvolvemento desta función.

Polo que para os efectos do seguimento, análise e avaliación dos obxectivos asistenciais e de colaboración deste contrato programa, así como o seguimento e a verificación da correcta prestación do servizo e resolucións de incidencias que se podan producir crearase unha Subcomisión en Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde e Galaria coas seguintes funcións:

- Estudar e aprobar novos procesos ou probas asistenciais
- Estudar e aprobar as modificacións ou substitución de procedementos ou probas novas
- Precisar cantas normas de funcionamento resulten necesarias para a execución do contrato programa
- Comprobar as liquidacións económicas do contrato programa de Servizos Centrais
- Avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos de calidade.
- Interpretar o contrato programa e dos seus módulos específicos
- Atender as consultas e resolución de problemas xurdidos nas distintas Áreas sanitarias
- Estudar e aprobar programas específicos e adicionais que poidan xurdir segundo necesidades concretas do Servizo Galego de Saúde





- Formalizar as instrucións, avaliar e regularizar as compensacións cos centros hospitalarios.
- Aprobación dos protocolos que se consideren necesarios que regulen o desenvolvemento de determinadas actividades específicas.

Esta Subcomisión estará composta por tres persoas pertencentes ao Servizo Galego de Saúde, designadas polo Xerente e tres persoas pertencentes a Galaria. En calquera momento, tanto dende o Servizo Galego de Saúde como de Galaria, poderase convidar ás persoas que se consideren precisas para a análise do caso obxecto estudo.

En caso de discrepancias resolverá, en última instancia, a Subcomisión de seguimento.

12.- MARCO DE RECURSOS HUMANOS

Para o desenvolvemento dos servizos e programas que se detallan nos Módulos I,II,III e IV deste contrato-programa, Galaria comprométese a achegar, durante a vixencia do contrato programa, os recursos humanos e materiais necesarios, segundo a descrición do contrato programa e das modificacións que se decidan de común acordo entre as partes.

O cadro de persoal vixente a sinatura deste contrato – programa, aprobado Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e administración Pública, é o seguinte:





CÓGIGO RETRIBUTIVO	Definición	Nº PRAZAS
G-0-01	DIRECTOR XERENTE	1
G-0-06	DIRECTOR ECONÓMICO ADMINISTRATIVO	1
G-1-10	MÉDICO ESPECIALISTA	1
G-1-32	FACULTATIVO ESPECIALISTA XEFE SERVIZO	1
G-1-33	FACULTATIVO DIRECTOR TÉCNICO	2
G-3-04	TITULADO SUPERIOR NON SANITARIO	2
G-3-14	T. SUPERIOR NON SANITARIO XEFE SECCIÓN	1
G-3-16	T. SUPERIOR NON SANITARIO XEFE SERVIZO	1
G-3-17	T. SUPERIOR NON SANITARIO DIRECTOR DEPART.	1
G-5-06	TÉCNICO MEDIO NON SANITARIO/RESPONS.	2
G-7-06	TÉCNICO ESP. SUPERIOR NON SANITARIO	4
N-A1-01	XEFE/A SERVIZO-SUBGRUPO A1	2
N-A1-02	XEFE/A SECCIÓN-SUBGRUPO A1	2
N-A1-03	PERSONAL TÉCNICO SUPERIOR	2
N-A1-05	GRUPO TCO. FUNCIÓN ADMITVA.	1
N-A2-01	XEFE/A SERVIZO-SUBGRUPO A2	1
N-A2-07	TRABALLADOR/A SOCIAL (HOSPITAL)	1
N-AP-03	CELADOR/A AT. DIRECTA AO ENFERMO	4
N-C1-01	XEFE/A SECCIÓN-SUBGRUPO C1	2
N-C1-12	TCO. ESPECIALISTA EN SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	1
N-C2-09	GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMITVA. EQUIPO MECANIZADO	14
N-C2-35	PERSONAL SERVICIOS XERAIS	5
S-A2-03	SUPERVISOR/A UNIDADE	3
S-A2-19	ENFERMEIRO/A SERVICIOS CENTRAIS	12
S-A2-20	ENFERMEIRO/A UNIDADE HOSPITAL	4
S-C1-01	TÉCNICO/A ESPECIALISTA	41
S-C1-02	COORDINADOR/A TÉCNICOS/AS ESPECIALISTAS	2
S-C2-03	TCO. EN CUIDADOS AUX. DE ENFERMERÍA UNIDADE HOSPITAL	5
SF-A1-04	XEFE/A SERVIZO CON C.E.	2
SF-A1-12	XEFE/A SECCIÓN SEN C.E.	5
SF-A1-14	ADXUNTO/A ESPECIALISTA ÁREA CON C.E.	24
		150

No marco deste contrato programa e en base aos principios de eficacia, racionalización, economía e integración e coordinación dos recursos sanitarios públicos dispoñibles acordaranse programas de colaboración, para regular as condicións administrativas e económicas cando sexa preciso á colaboración de profesionais doutras institucións.,

Os servizos que realice o persoal das institucións sanitarias do Sergas e o persoal de Galaria no marco deste contrato programa executaranse baixo a dependencia orgánica da institución á que estea adscrito o profesional, conservando polo tanto a súa situación laboral e xurídica inalterada, e baixo a dependencia funcional da institución que teña a responsabilidade contractual da actividade.





Neste sentido, as condicións na que se prestarán estes servizos, terán o seguinte marco administrativo:

- A participación de profesionais adscritos aos cadros de persoal dos hospitais do Sergas en actividades asistenciais de Galaria, non outorgará expectativa ou dereito adquirido de ningún modo para vincularse ao mesmo. As mesmas consideracións serán aplicables aos profesionais adscritos ao cadro de persoal de Galaria que colaboren nos plans asistenciais dos hospitais.
- A responsabilidade xurídica derivada das actuacións profesionais do persoal corresponderá en todo caso, á institución que teña a titularidade da actividade obxecto de colaboración.
- Os profesionais que participen contarán cos recursos materiais e tecnolóxicos axeitados para garantir a realización das actividades sanitarias do contrato - programa e segundo os protocolos previamente establecidos.
- As colaboracións que se presten por parte do persoal adscrito ás institucións sanitarias do Sergas en actividades asistenciais de Galaria así como a colaboración que se preste por parte de profesionais de Galaria en actividades asistenciais de outra institución sanitaria, deberá ser financiada pola entidade que teña a responsabilidade da actividade asistencial na que colabora o especialista.
- A entidade que poña a disposición o persoal especializado será compensando economicamente polos servizos prestados segundo estea establecido. A valoración económica da colaboración farase mediante a cuantificación da actividade asistencial realizada conforme aos importes acordados co Servizo Galego de Saúde.
- Obriga de comunicar á indispoñibilidade de profesionais que poida afectar a prestación dos servizos incluídos no contrato programa.

13.- ACCESO DOS PACIENTES

